

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezasete de decembro de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE e D. JORGE BUSTOS ATANASIO. Actúa como secretaria a concelleira secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona Ana María González Abelleira, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

1. PERSOAL.- Acórdase a caducidade das ofertas de emprego público do Concello de Lugo non executadas dentro do prazo de tres anos dende a súa publicación.

Tamén se acorda a aprobación de oferta de emprego público para 2025.

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación na contratación da obra de abastecemento municipal de auga nos núcleos rurais de San Amaro - Castro- Conturiz. Obra Incluída no Plan Provincial Único de C Cooperación 2025. Exp. ref.: 2025/C002/000025.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da obra de mellora da drenaxe no entorno da Praza do Castiñeiro. Exp. ref.: 2025/C002/000024.

Do mesmo xeito acórdase a declaración de deserto na contratación do servizo de mantemento de caldeiras e sistemas de calefacción e climatización. Exp rf: 2025-C003-000008.

Así mesmo, acórdase a adxudicación na contratación da subministración de catro carrozas en réxime de aluguer para a Cabalgata de Reis 2026. Exp ref: 2025/C004/000033.

Acórdase a declaración de deserto na contratación da subministración de

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac7316662142979304688.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-12-2025

material de imprenta. contrato reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción. Exp rf: 2025-C004-000037.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

3. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase aprobar a solicitude subvención obradorio de emprego "Officium Curantis", así como do compromiso de cofinanciamento por parte de este Concello:- na partida de gastos correntes do obradoiro (24102 22699).- 10.000 € 262410201. - na partida de inversións do obradoiro (24102 62600) .- 11.000 €. Código proxecto: 262410201.

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

4. CULTURA.- Acórdase a iniciación e adxudicación de subvención prevista nominativamente no orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor de Universidade de Santiago de Compostela (Q-1518001-A).

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

5. MERCADOS.- Acórdase a renovación vendedores mercado Frigsa 2026.

Fóra da orde do día

- Informe proposta de toma de coñecemento da omisión da funcións inteventora relativo á celebración do Congreso de Acces "Asociación estatal de salas de concerto" en Lugo xuño de 2024.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegada da Área de Goberno de Xestión Integral de Recursos Internos e concelleira secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona Ana María González Abelleira.